

PRÓRROGA DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

(DEBE SOLICITALA O ESTUDANTADO AO QUE LLE REMATE O PRAZO PARA O DEPÓSITO DA TESE DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2024/2025)

Procedemento

1. Solicitude de prórroga:

- Solicitude motivada a través da Secretaría Virtual do/a Estudante (“Doutoramento RD 99/2011”- “Expediente” – “Solicitude de Prórroga”)
- Período de solicitude: do 14/06/2024 ao 31/08/2024
- Debe solicitar a prórroga o alumnado cuxa data límite de depósito da tese estea comprendida dentro do curso académico 2024/2025, e prevea que vai necesitar unha extensión de tempo (**Unicamente para o efecto de solicitar a prórroga, o curso académico considerarase comprendido dende o 01/10/2024 ao 30/09/2025**).
- Requisitos para solicitar a prórroga:
 - Estar matriculado/a no curso académico 2023/2024
 - Ter aprobado o plan de investigación.
 - Ter superada a última avaliación anual.
 - Que a data límite de depósito da tese sexa anterior ao 01/10/2025

2. Informe do perfil autorizado¹:

- Informe motivado dos/as directores/as ,/titor/a de tese, a través da *Secretaría Virtual* do PDI.
- Período de realización do informe: 14 de xuño ao 13 de setembro de 2024

3. Resolución da solicitude:

- Resolución motivada favorable ou desfavorable da Comisión Académica do programa (CAPD) a través da *Secretaría Virtual* do PDI.
- Período de resolución (coincidente co período de avaliación anual): **Do 16 ao 27 de setembro de 2024**

4. Matrícula:

- 1º prazo ordinario de matrícula : Do 01 ao 10 de outubro de 2024

Prazos

Solicitude de prórroga	Do 14 de xuño ao 31 de agosto de 2024
Informe do perfil autorizado (director/a da tese)	Do 14 de xuño ao 13 de setembro de 2024
Resolución da CAPD	Do 16 ao 27 de setembro de 2024
Matrícula do curso académico 2024/2025	1ª prazo ordinario de matrícula: 01 a 10 de outubro de 2024

NORMATIVA: Artigo 3 do Real Decreto 99/2011 e artigos 24 e 25 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.

Artigo 24. Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

A duración dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial será, respectivamente, dun máximo de tres e cinco anos. En cada caso, esta duración contarase desde a primeira matrícula do doutorando polo concepto de tutela académica do doutoramento ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.

Artigo 25. Prórrogas para a realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

1. Se a solicitude do depósito da tese de doutoramento non se presenta transcorrido o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a prórroga do prazo, logo da solicitude do doutorando. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos en outro ano adicional. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da UDC.

2. A simultaneidade de estudos non será motivo para a concesión de prórroga.

¹ Informe do perfil autorizado: informe da dirección da tese (no caso de varios directores dunha mesma tese, só un deles está autorizado para realizar o informe desta tese a través da Secretaría Virtual do PDI)